

C. Silva Domínguez (2004): “Procedementos de determinación no galego medieval. Estudio dos determinantes na *Crónica Troiana*”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 3, 277-298.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

PROCEDIMENTOS DE DETERMINACIÓN NO GALEGO MEDIEVAL. ESTUDIO DOS DETERMINANTES NA *CRÓNICA TROIANA*

Carme Silva Domínguez

Universidade de Santiago de Compostela

1. INTRODUCCIÓN

A primeira consideración que me gustaría facer á hora de iniciar a exposición destas notas consiste en delimitar con maior exactitude o seu título idóneo, o que considero semellante a delimitalo alcance e os obxectivos do presente traballo. Creo que o título máis axeitado para o que vén de seguido sería “Algunhas consideracións sobre os procedementos de determinación no galego medieval. Aproximación ó estudio do posesivo na *Crónica Troiana*”¹. Parece evidente que a delimitación inicial do traballo era considerablemente máis ampla, e viuse reducida na práctica por dúas razóns. A primeira delas foi a existencia neste mesmo foro dunha comunicación semellante no seu contido á miña, a asinada polo profesor Varela, e polo tanto a necesidade de non repetirmos ideas paralelas. A segunda razón pola que reducí o meu ámbito de traballo á hora de elaborar estas notas foi a manifesta imposibilidade de abarcar un ámbito tan amplo como o que me propoñía tratar fóra do marco dunha tese de doutoramento, que non é, evidentemente, o que veño expoñer aquí. Espero que, coa redución do ámbito de traballo e das pretensións do mesmo, non se reducida o interese das miñas observacións para os aquí presentes.

Os obxectivos desta comunicación non son, como se adiviña do anteriormente exposto, en absoluto conclusivos. Máis ben pretendo chama-la atención sobre varios tipos de frase nominal con posesivo característicos da lingua medieval. Algúns deles están fortemente presentes como obxecto de estudo da nosa tradición gramatical, e outros, aínda que non innovadores, si coñeceron quizais unha menor atención, pero todos están

¹ Utilizámo-la edición de Ramón Lorenzo (Lorenzo, R. (ed.) (1986): *Crónica Troiana*. Santiago: Real Academia Galega). Citámola no traballo CT. Xusto é agradecer ó “Proxecto Gramática Histórica Galega”, e en especial ó seu investigador principal, o doutor Xavier Varela, o permitimos utiliza-la copia informatizada do texto de que dispoñen.

necesitados, considero, dunha reflexión colectiva que poida esclarecer tanto a súa razón de ser en sincronía –na medieval, por suposto– como desde a perspectiva diacrónica e, neste sentido, a súa relación coas estruturas que os substitúen na lingua moderna. No fondo da cuestión sitúase un problema apaixonante, aínda que quizais irresoluble: as causas do cambio lingüístico, e en concreto a hipótese –manexada de forma consciente ou inconsciente por todos nós nalgún momento– de que as linguas cambian para melloraren nos seus puntos débiles, para ofrecerem ó usuario un sistema cada vez máis sinxelo e práctico no seu funcionamento. Demando, pois, unha certa atención reflexiva con respecto ás estruturas ás que me referirei de seguido².

2. O PROBLEMA TEÓRICO: A DEFINICIÓN DE *DETERMINACIÓN* E AS UNIDADES SINTÁCTICAS IMPLICADAS NO PROCESO

Sería posible detérmonos nesta cuestión con certo detalle, aínda que un mínimo exame da bibliografía acerca do concepto supoñería ocupar con ela o resto da miña exposición. Esta é a razón pola cal optei por aceptar dúas das definicións que, ó meu modo de ver, poden ser consideradas clásicas no exame do fenómeno da *determinación*: a proposta por Coseriu (1962) e a máis matizada e extensa desenvolvida en Wilmet (1986). En esencia, para estes dous autores a *determinación* é un proceso complexo, no que se ven envoltas unidades de tipos diversos, que consiste, en palabras de Coseriu, en “actualizar e dirixir cara á realidade concreta un signo virtual” (p. 291). Centrándonos no ámbito nominal, do que se trata é de conseguir, a través de procedementos diversos, que un substantivo, *a priori* de extensión infinita ou descoñecida –é dicir, aplicable a un número non determinado de seres– poida ser utilizado nun acto de fala concreto para referirse de maneira inequívoca a determinada entidade ou conxunto de entidades. O proceso de *determinación* converte, xa que logo, o substantivo *árbore* na frase nominal *unha árbore*, pertinente, por exemplo, na secuencia *Teño unha árbore ó pé da casa*.

Aínda que cun aparato conceptual e cunha terminoloxía distinta, ámbolos investigadores anteriormente citados recoñecen dúas operacións diferentes no proceso de *determinación*, xeralmente realizadas con signos tamén diferenciados: a actualización propiamente dita, que corresponde en liñas xerais ó que acabo de expoñer, e aqueloutra operación consistente en delimita-la extensión do substantivo *a través do aumento da súa intensión*, é dicir, engadindo ós semas que o caracterizan outros máis, que serven para discriminalo como membro dunha subclase dentro da clase xeral. Poñemos en práctica este proceso cada vez que transformamos, por exemplo, *árbore* en *árbore centenaria*, sintagma co que nos referimos a un número de obxectos considerablemente máis limitado do que co substantivo só.

² Sobre a cuestión do cambio lingüístico, pode consultarse a lúcida aproximación de Aitchinson (1993).

No noso uso gramatical máis común demos en reserva-lo termo *determinación* para o primeiro proceso, quizais a falta dun termo global diferente³. Para o segundo proceso, utilizámo-lo termo *modificación*⁴. Na construción das frases nominais están implicadas ámbalas dúas operacións, do que resulta que na estrutura da maior parte das mesmas encontramos determinantes e modificadores. A diferenciación entre as unidades que desenvolven unha e outra función ten que ver con factores de diversa índole, aínda que os máis relevantes non son os máis obvios, os categoriais: é certo que xeralmente os determinantes pertencen á categoría pronominal e os modificadores á adxectival, ou ben estes son á súa vez sintagmas (frases adxectivas, preposicionais, etc.). Sen embargo, nada se opón á presenza dun pronome como modificador, como máis adiante veremos. De máis peso son os argumentos relativos ó diferente comportamento sintáctico e distribucional das unidades encargadas de levar adiante cada un dos procesos: así, argumentase que xeralmente os determinantes se sitúan á esquerda do substantivo ou, en todo caso, á esquerda dos elementos modificativos antepostos a este, que non se poden coordinar entre si nin con modificadores, etc.⁵. Xusto é dicir que ningunha destas probas formais é sen excepción, o que quizais alimentou a polémica acerca da necesidade e viabilidade dunha distinción estricta entre determinantes e modificadores. Desde o noso punto de vista, tal distinción é fundamental, non no nivel categorial, senón no nivel sintáctico. E isto porque, como sinalamos anteriormente, *determinación* e *modificación* son operacións semanticamente diferenciadas que conxuntamente, aínda que de distinta maneira, contribúen á constitución da frase nominal do galego.

Consideramos, así mesmo, a necesidade da distinción entre dúas funcións sintácticas, ligadas a cada un destes procesos semánticos, no tratamento tanto diacrónico como sincrónico de unidades como o pronome posesivo. Esta unidade constitúe un dos exemplos máis paradigmáticos da posibilidade de que o mesmo elemento funcione nuns exemplos como determinante e noutros como modificador, posibilidade que se relaciona con comportamentos formais diferenciados en cada caso.

3. O PRONOME POSESIVO: DEFINICIÓN. UN COMPORTAMENTO SEMÁNTICA E SINTACTICAMENTE AMBIVALENTE (DETERMINANTE, MODIFICADOR)

Toda vez que concordamos na necesidade de desterra-la definición semántica e errónea que vincula o posesivo co concepto cultural *posesión*, asociamos esta categoría pro-

³ Un exemplo: no traballo de Coseriu empréganse os termos *actualización* e *cuantificación*, pero non hai un nome conxunto para as operacións que tornan actual un substantivo virtual.

⁴ Resulta curiosa esta a unanimidade terminolóxica que se detecta en torno á etiqueta *modificador*, especialmente tendo en conta a maior heteroxeneidade categorial e estrutural das formas que desempeñan esta función na maior parte das secuencias.

⁵ Vid. un resumo moi detallado das probas formais que opoñen determinantes a modificadores en Uritani (1991).

nominal á dos persoais, como paradigmas relacionados coa expresión da deíxe persoal⁶. Empregando neste caso a definición do fenómeno deíctico persoal elaborada por Carbo-nero Cano (1979), temos que “supón unha indicación cara ós propios protagonistas do diálogo, o falante, o oínte ou un terceiro que non sexa ningunha destas dúas cousas”⁷ (p. 23, tradución nosa).

A diferenza do que ocorre cos pronomes persoais, que indican de seu unha das persoas gramaticais, os posesivos expresan unha relación entre calquera delas e outra entidade, de natureza moi diferente segundo os casos, como veremos de seguido con exemplos da lingua medieval. Este carácter de unidade relacional, que implica en ocasións a emisor e receptor –como elementos básicos do proceso de comunicación– pero que tamén pode expresa-la existencia dunha relación entre un elemento persoal diferente destes dous e presente no contexto comunicativo, fai do posesivo unha das unidades clave na consecución da cohesión textual, entendida esta no sentido de Halliday & Hasan (1976). Noutras palabras, o papel principal do posesivo de terceira e sexta persoas é o de contribuír á creación da unidade *texto*, axudando a debuxa-la trama de relacións existentes entre as entidades que desenvolven, en distintos niveis, a mensaxe. Como elemento relacionador, o pronome posesivo posúe unha serie de marcas morfolóxicas que posibilitan a localización, por parte do receptor da mensaxe, dos dous polos implicados na relación⁸.

Na sincronía lingüística que reflicte a *Crónica Troiana* e de entre os diversos elementos que compoñen a frase nominal, o posesivo é un dos que con máis claridade pode ser utilizado, segundo as circunstancias comunicativas o requiran, tanto en procesos de determinación como de modificación⁹. En efecto, a relación establecida entre dúas entidades e sinalada a través do posesivo pode servir como actualizador dunha delas, permitindo o paso do substantivo do mundo do virtual ó mundo das realidades concretas. Neste caso o posesivo aparece situado á esquerda do substantivo e como primeiro elemento da frase nominal:

(1) Foy moy priuado et moyto amado de seu señor (CT, p. 276).

Neste exemplo, o posesivo funciona como actualizador do substantivo *señor*, que pode ser utilizado nesta secuencia concreta en virtude da relación que une o seu referente co referente dun substantivo ou pronome persoal anterior.

⁶ Vid. para a definición do posesivo e do persoal o traballo de Schmidely (1983), especialmente pp. 49-68.

⁷ Vid. tamén para esta cuestión o traballo de Bobes (1971).

⁸ Como moi ben sinala Herrmann (1990), as diferentes linguas presentan niveis distintos de “facilitación” ó receptor do proceso de localización dos elementos implicados na relación marcada polo posesivo. O galego, ó non coñece-la existencia dun morfema, na terceira persoa, que dea conta da natureza individual ou plural do primeiro elemento da relación, pode sufrir máis ambigüidades ca outras linguas como, por exemplo, o francés, o italiano ou o inglés.

⁹ Isto pode contribuír a explicar, ó noso modo de ver, a duplicación de paradigmas que coñece o pronome en linguas románicas como o francés ou o castelán. Para esta cuestión, vid. Pino (en prensa).

Nada impide, sen embargo, a utilización do posesivo como elemento modificativo en frases nominais que coñecen outro –ou outros– determinante explícito ou mesmo a ausencia de todo elemento determinativo, deixando entón a realización do proceso de determinación ó contexto. Nesta segunda circunstancia, o posesivo restrinxe a extensión do substantivo a que acompaña de maneira similar a como o faría un adxectivo cualificativo. A principal diferenza entre estas dúas categorías á hora de actuaren como modificadores consiste en que o adxectivo aumenta a intensión (conxunto de semas característicos) do substantivo, en tanto que o posesivo restrinxe a súa extensión polo procedemento de marcar unha relación cun elemento diferente e xeralmente previo na elocución, pero sen que isto implique unha modificación dos semas característicos do substantivo.

Como modificador, o posesivo sitúase na lingua medieval de preferencia á esquerda do substantivo nuclear, inmediatamente despois do elemento determinativo:

(2) Et pois longa ment[e] ouuo pensado, chamou hũ seu amigo muy leal et muyto entendudo, de que fiaua muyto, et descobreulle toda sua fazenda (CT, p. 492).

No exemplo anterior, a función de actualización do substantivo está encargada ó pronome indefinido *un*, en tanto que a forma de posesivo desempeña un labor de modificador, o único restrictivo de entre os varios que rodean ó núcleo frástico, dado que delimita o alcance da extensión do substantivo *amigo*.

4. OS TIPOS DE RELACIÓN EXPRESADOS POLO POSESIVO

Como indicabamos anteriormente, o pronome posesivo pode ser utilizado como índice de calquera relación establecida entre unha entidade que presenta o sema [+humano]¹⁰ e calquera outra entidade das que forman parte do contorno daquela. A tipoloxía de relacións expresadas polo posesivo corresponden a aquelas que se poden establecer na vinculación dun ser humano e o seu contexto vital, e por tanto non deben ser obxecto dunha limitación apriorística e levada adiante desde o ámbito gramatical.

Os textos non deixan entrever grandes diferencias na utilización do pronome posesivo para expresar diferentes relacións desde a Idade Media ata a actualidade. Podemos establecer, a modo de síntese, varias categorías:

a) Un primeiro grupo de exemplos está formado por aqueles casos de utilización do posesivo para expresar unha relación entre dúas entidades caracterizadas ambas por posuíren o sema [+humano]. Neste ámbito entran tanto os substantivos de parentesco coma aqueloutros que designan relacións laborais ou circunstanciais entre seres huma-

¹⁰ Cremos que en tódolos casos de utilización do pronome posesivo en que o elemento inicial da relación non presenta esta característica hai implicado, dalgunha maneira, un proceso de personificación ou humanización do mesmo.

nos. O emprego do posesivo neste campo aparece amplamente representado na lingua medieval:

(3) Et seus fillos et tódaslas outras conpañas auĩã ende grã prazer (CT, p. 404).

(4) Pois que o ãno fuj acabado que Éutor fora morto, el rrey Priamo et seu linagẽ et todo o póboo da çidade fezerõ por el aniuersario (CT, p. 407).

b) Un segundo grupo de entidades aparece constituído por todos aqueles elementos, sexan ou non propiamente materiais, que se consideran en cada época integrantes da totalidade ‘ser humano’. Aquí poden situarse tanto as partes do corpo como as características que integran o espírito humano, así como as súas circunstancias vitais. Aínda a risco de abrir en exceso o grupo, sería este tamén o espacio natural daqueles elementos materiais que forman parte esencial da vida humana (vestidos, instrumentos de afeite ou de formación, etc.). En todos estes substantivos apreciamos, con maior ou menor claridade, un sema relacional que fai que na súa definición teña que haber sempre unha referencia ó ser humano que lles dá sentido:

(5) Amjgo, disso ela, bem uos juro que eu ey tamaño pesar ẽno meu coraçõ que nõ hã ẽno mĩdo moller tã coyhada cõmo eu sõo (CT, p. 259).

(6) Et quanto do meu entẽdemento, se uos prouuer a todos, dizeruos ey hũa rrazõ (CT, p. 202).

(7) Et aa enytrada da porta fezeron soar hũ corno et cada hũ tirou sua espada moy taste (CT, p. 255).

É neste grupo de substantivos no que se basea a definición tradicional do posesivo como expresión do concepto cultural *posesión*. Sen embargo, a pouco que examinemos, vemos que a relación que expresa o posesivo é en cada caso diferente, de acordo coa natureza da entidade que actúa como segundo termo da mesma: todos conviremos en que a relación que liga o ser humano coas partes constitutivas do seu corpo ten pouco que ver coa que se establece, noutro caso, entre o ser humano e os seus obxectos persoais, por exemplo. Cómpre destacar, así mesmo, a importancia do contexto comunicativo á hora de determinar en moitos casos a natureza exacta desta relación. Como moi ben sinala Wolf (1974), o sintagma *o meu coche* non implica sempre e necesariamente a existencia dunha relación de pertenza dun ser humano con respecto a este obxecto, senón que ocasionalmente pode se-la expresión dun desexo –isto é, ‘o coche que me gustaría ter’–, dunha proximidade que non vai durar –‘o coche que aluguei’–, etc. A determinación exacta da natureza da relación non é pertinente desde a perspectiva lingüística, senón que máis ben interesa para o bo desenvolvemento do acto comunicativo, que fallará se o receptor non é capaz de reconstruír, en cada circunstancia, o valor exacto do posesivo.

Creemos necesario situar tamén neste segundo grupo aqueles casos de presenza do posesivo en sintagmas nucleados por substantivos que, a pesar de non seren exactamente relacionais –é dicir, que designan entidades claramente concibibles sen relación co ser humano– poden converterse en tales segundo as circunstancias de interlocución.

Non contamos neste caso con exemplos medievais, pero non cremos que a lingua neste período rexeitase, se así se lle requiriría, frases como *a miña choiva, o meu ceo*¹¹, etc.

c) Un terceiro grupo de substantivos que coñecen a utilización do posesivo son aqueles que se relacionan, semántica e morfoloxicamente, cun verbo, e polo tanto supoñen un tratamento substantival para a acción, estado ou proceso indicados por este. No caso deste grupo de unidades, o posesivo aparece para indica-la persoa gramatical que se atribúe a un dos actantes, é dicir, a unha das entidades implicadas na semántica verbal. Representa este tipo de formas un punto máximo de afastamento do pronome con respecto ó valor *posesión* que se lle atribúe tradicionalmente. Desde o punto de vista sintáctico, o máis frecuente é que o posesivo cubra o oco reservado, en circunstancias clausais normais, ó suxeito. A función semántica asociada a este suxeito non sempre é a de ‘axente’, sen embargo:

(8) Ante sōo bē certo que čno mūdo nō deseiará ela tātō cōmo a mina morte ou mīa prijóm (CT, p. 209).

(9) Nō ha rrey tã poderoso que contra nós ousasse tomar guerra, saluo aquesta gente astroa de Troya, que por seu mal et por seu astragamento, moueron contra nós esta entčçón (CT, p. 202).

Nos dous exemplos, parece claro que a acción se desenvolve sen a vontade do suxeito, que adopta a función semántica ‘paciente’. Un caso en que non ocorre isto é a secuencia seguinte:

(10) Et desgradeçēulle[slo] muyto per que[n] esto fora feyto sen seu outorgamento et contra sua defensóm (CT, p. 399),

en que o posesivo representa con claridade o axente do proceso controlado expresado polo verbo. Evidentemente, a diferenza entre unha circunstancia e a outra ten que ver coas necesidades de interpretación que xera a semántica verbal, e parece claro que o posesivo admite o cumprimento de calquera función semántica que se lle encomende.

Aínda que non localizamos exemplo ningún en que o posesivo desempeñe unha función na frase nominal equivalente ó complemento directo clausal¹², parécenos que non se pode descartar esta posibilidade como válida para a lingua medieval. Sen dúbida a menor frecuencia deste tipo de exemplos era unha realidade tanto daquela como o é na sincronía actual.

Probablemente estes tres grandes grupos de relación non esgotan as posibilidades virtuais do pronome posesivo, aínda que si concentran o maior número de exemplos de utilización desta unidade no contorno nominal. Cumpriría subliñar, por último, o cons-

¹¹ Wolf (1974) considera acertadamente a dependencia deste tipo de frases nominais con respecto ó contexto comunicativo global, que é o único capaz de esclarecer con exactitude o seu sentido.

¹² En exemplos como *a súa construción, a túa liberación* (Wolf, 1974) a interpretación máis plausible pasa por considera-lo posesivo como indicador da función semántica termo, a mesma que na estrutura clausal desempeña de preferencia o complemento directo.

tante transvasamento de exemplos desde o grupo c) ó b), do que pode ser boa proba o exemplo (8), interpretable como pertencente a ambos. De contino estase a produci-la *entificación* de procesos relacionados co ser humano – neste caso, o pasamento– que perden na mente do falante o vínculo co verbo correspondente e tenden a ser interpretados como realidades de natureza abstracta que gravitan na órbita do home.

5. A COMBINATORIA DO POSESIVO NA FRASE NOMINAL

Entendemos por combinatoria o conxunto de principios que regulan a ordenación lineal das distintas unidades na frase nominal. Desde unha perspectiva funcional, a posición prenuclear aparece asociada á función determinante, en tanto que a posnuclear se constitúe como propia do modificador. Unha tendencia que se constata na lingua medieval e que, en certo modo, se afianza cara á moderna, é a de situar en posición presubstantival o menor número de elementos posible, e así a maior parte das frases con posesivo da CT só coñecen a presenza dunha unidade nesta posición:

(11) Casandra andaua assy coyada, braadando et mostrándolles sua coyta (CT, p. 263).

Neste caso, parece claro que é o posesivo o que desempeña a función semántica *actualizador*, ou, na terminoloxía máis común, *determinante*.

Cando esta función semántica aparece cuberta por algunha unidade distinta do posesivo, o máis xeral é que este manteña a súa situación á esquerda do núcleo, aínda que non desempeña a función semántica determinante, senón que actúa como modificador frástico. Isto ocorre cando é o artigo a unidade que realiza esta función:

(12) Et eu troixe esta soombra d'aly onde uj aquela donzela, et troixe sua beldade et sua collar así pintada ño meu coraçõ (CT, p. 491).

O mesmo sucede cando o elemento que funciona como determinante pertence ó paradigma dos demostrativos:

(13) Poys des oymays cõvẽnos de engeñar tal cousa per que os gregos rreçẽbã de nós dãno et onta, poys somos en esta sua terra (CT, p. 254).

E así ocorre tamén cando a frase nominal en que se inserta o posesivo aparece determinada por unha unidade pertencente ó paradigma dos indefinidos e cuantificadores:

(14) Et deulles por caudillo hũ seu yrmão, que auja nome Donarte, et era moy fremoso et moyto ensinado (CT, p. 318).

(15) Et se algũ quería mezclar algũ seu amigo cõ et rrey, el o sabía moy ben liurar per sua fremosa rrazõ (CT, p. 276).

(16) Et gárdesse cada hũ que nõ faça a nehũ seu caualeyro pesar por nehũa rrazõ que seia (CT, p. 243).

(17) Pois eu en tã pouco tẽpo sã vençudo de amor e tã ferament desmayado, todos meus días aquí am de fijnr et meu pleito en esto se acabará (CT, p. 491-492).

No caso de que aparezan en posición prenominal un artigo e un indefinido, o posesivo mantén o seu lugar de proximidade máxima ó núcleo frástico:

(18) Como el rrey envjou os outros seus fillos et os outros caualleyros aa batalla (CT, p. 450).

Con todas estas unidades determinativas, soas ou en combinación, o comportamento distribucional do posesivo é idéntico. O mesmo podería parecer que ocorre con outra unidade determinativa, o numeral, e de feito os exemplos localizados sitúan sempre o posesivo inmediatamente á esquerda do núcleo frástico substantival:

(19) Et seu Reyno ficou a dous seus fillos que y avia (CT, p. 406).

Sen embargo, temos que ter en conta o feito de que, con esta unidade, a distribución contraria ten que ser tamén posible, dado que implica un cambio de significado motivado polo valor de *cuantificación totalizadora* (Hawkins, 1978) que presentan artigo e posesivo como determinantes frásticos. En efecto, se probamos a inverte-la posición das dúas unidades no exemplo anterior, observaremos un matiz de significación distinto. Tal e como está agora, o exemplo (19) pode ser parafraseado como “o reino ficou a dous dos seus fillos (é posible que teña máis)”. Se o posesivo fose o primeiro elemento determinativo, o seu valor de totalidade no contexto evitaría deixar aberta a posibilidade de que houboese máis individuos implicados nesta relación de parentesco. A paráfrase do exemplo sería, daquela: “o reino ficou ós seus dous únicos fillos”. Por iso cremos que ámbalas dúas combinatorias teñen que ser válidas na lingua medieval, dado que implican un valor semántico diferente, e que non é relevante desde a perspectiva sintáctica o feito de que unha delas sexa máis común cá outra.

Na frase nominal do galego medieval, tamén era posible situar á esquerda do núcleo frástico unidades pertencentes á categoría adxectival. En combinación co posesivo, nos exemplos que localizamos este mantén con persistencia a súa disposición inmediatamente á esquerda do núcleo frástico:

(20) Et nõ ha cousa por que eu mays cofondudo et mays avergonçado podesse seer, nõ por que eu podesse buscar mayor meu dãno (CT, p. 449).

(21) Et d’ende adeãt nõno podiã leuar sen grã seu dãno (CT, p. 389).

(22) Demays fazemos y grã nosso dãno, ca elles fezeron entretãto cárcouas (CT, p. 306).

Sen embargo, outras testemuñas acerca da lingua medieval –e en concreto Dono (1978)– consideran numericamente máis frecuentes exemplos como os seguintes:

(23) Por la tua maa ventura serás destroyda (Dono [1978: 42]).

Dada a vinculación do posesivo á función determinativa, que desempeña en moitos casos, é sorprendente o feito de que unha unidade claramente modificativa apareza á súa

esquerda, como nos exemplos (20-22). Postos a buscar unha explicación para esta aparente anomalía, podemos ensaiar varias:

- a) Observamos en tódolos exemplos recollidos que o núcleo frástico é sempre o mesmo substantivo, a forma *dãno*. Así, poderíamos considerar que se trata dunha peculiaridade desta unidade substantival, unha especie de “frase feita” relacionada coa mesma.
- b) Tamén vemos como nos tres exemplos anteriormente reproducidos os adxectivos son máis cuantificadores do que cualificativos, e por tanto poden ter unha certa vinculación con respecto ós procesos de actualización, que son, en moitos casos, procesos de cuantificación¹³. Unidades semanticamente próximas a estas son consideradas por algúns autores como determinantes na sincronía actual –é o caso da forma *moito*¹⁴. Estaríamos, pois, diante de formas situadas na fronteira entre os adxectivos cualificativos e os cuantificadores. Para que esta observación teña validez, teríamos que comprobar que o posesivo non pode aparecer situado nesta posición con adxectivos claramente cualificativos.
- c) Por último, para explicar esta aparente anomalía distribucional podemos recorrer ó carácter enfático destas estruturas, e considerar que en condicións normais a distribución sería a contraria. O perigo desta explicación consiste na nosa imposibilidade de comprobar esta suposta carga emocional sobre os textos. Así e todo, e seguindo a observación de *Dono* reproducida con anterioridade, parece lóxico que se reserve a combinatoria menos frecuente para a expresión de contidos enfáticos, precisamente polo efecto de interese inmediato que pode produci-la anomalía distribucional.

A hipótese b) é, ó noso xuízo, aquela que presenta unha maior verosimilitude, pero teríamos que contar cun número máis elevado de exemplos para podermos concluír algo medianamente firme. En calquera caso, cremos que a análise correcta dos exemplos (20-22) pasa pola consideración do posesivo como modificador, que é ademais semanticamente restrictivo.

Aínda que moito menos frecuentes, contamos con exemplos no texto de posesivos pospostos ó núcleo frástico. *Dono* (1978: 44-48) destaca como na maior parte destes exemplos existe unha xustificación sintagmática para esta posposición, motivada na coordinación do posesivo cun modificador posposto. O carácter claramente modificativo do posesivo nestes exemplos é indubidable:

(24) *Quen o contar quisesse todo, nõ seria prazer seu nõ daqueles que o oýsem, antes conuerria d’auer ende pesar et doo* (CT, p. 460).

(25) *As profeçias uossas et de Lenus conpridas son* (CT, p. 459).

¹³ A cuantificación é, segundo Coseriu, unha das operacións necesarias para actualiza-lo substantivo. Vid. Coseriu (1962: 298-299).

¹⁴ Así, por exemplo, no cadro de unidades determinativas que aparece en Varela (1982: 105).

Noutros exemplos en que esta ligazón sintagmática non se establece, Dono (1978: 46) aprecia matices enfáticos ou de contraposición que esixen, para clarifica-lo significado da secuencia, a posposición do posesivo. Trátase sempre de exemplos en que o determinante é un artigo ou, en todo caso, un cuantificador, e o seu número é moi reducido.

De todo canto levamos exposto, podemos deducir que o posesivo na *Crónica Troiana* aparece situado na maior parte dos casos como último dos elementos prenucleares cando a frase leva outra unidade que desempeña a función determinativa ou ben utiliza o contexto como procedemento de determinación. As excepcións a este principio atopan case sempre unha xustificación sintagmática, que ten que ver coas virtualidades combinatorias da unidade e en especial co feito de que esta pode aparecer coordinada con modificadores categorialmente moi diversos.

Na comparación da lingua medieval coa moderna, observamos con claridade unha diferenza neste aspecto do comportamento sintáctico do posesivo, dado que na actualidade este tende a situarse á dereita do núcleo frástico sempre que apareza como determinante da frase nominal calquera unidade diferente do artigo (demostrativos, indefinidos, cuantificadores, etc.)¹⁵. O cambio diacrónico non é moi antigo, dado que na lingua do século XIX comprobamos cómo nas frases determinadas por demostrativo prefírese a situación prenuclear do posesivo¹⁶:

(26) Nesta nosa idade gustan os cantos dos cegos (Sainete, p. 93).

Postos a ensaiar unha explicación para este cambio distribucional, parécenos que a principal razón do movemento do posesivo ó sector frástico linealmente reservado para os modificadores ten que ver co esclarecemento da súa propia natureza como tal. En efecto, se na lingua medieval, como afirmabamos anteriormente, o posesivo pode ser, ora determinante, ora modificador, no paso á lingua moderna a unidade decántase pola segunda destas funcións sintáctico-semánticas, e polo tanto adopta preferentemente a distribución lineal propia da mesma. Só no caso de combinación co artigo determinado o posesivo prefere amplamente a situación prenuclear, probablemente en virtude dunha especial relación semántica e formal con esta unidade. Esta relación impide, na diacronía actual, a inserción de ningún tipo de formas determinativas ou modificativas entre ámbolos elementos, o que si era posible na lingua medieval.

¹⁵ A distribución contraria, continuísta con respecto á lingua medieval, é tamén posible, aínda que menos frecuente e máis sometida a restriccións diatópicas e diafásicas.

¹⁶ Vid. para esta cuestión Silva Domínguez (1993).

6. ALGUNHAS PARTICULARIDADES ACERCA DO FUNCIONAMENTO DO POSESIVO NA LINGUA MEDIEVAL

6.1. Dous fenómenos de interese

Neste apartado tentaremos tratar dous fenómenos aparentemente non relacionados entre si pero que desde a nosa perspectiva poden ser explicados en función de factores comúns. Son os seguintes:

a) De todos é coñecida a progresiva penetración da forma articular nas frases nominais con posesivo, ata o punto de que na sincronía actual o seu uso está xa automatizado e é de regra, non sendo en certos casos considerados excepcionais e claramente regulamentados pola gramática¹⁷.

Observando os datos presentes en Hermida (1994: 299), chegamos á conclusión de que esta xeneralización é posterior á época medieval, na que aínda manda numericamente a frase sen artigo, que se emprega nun 75% dos casos. A presenza do artigo neste tipo de sintagmas é mesmo máis reducida na obra que nos ocupa, dado que a porcentaxe de ausencia da unidade se eleva nesta ata un 86, 79% do total de ocorrencias. A autora detecta tamén un progresivo aumento da estrutura articulada desde os textos máis antigos ata os máis serodios, aínda que en ningún caso o avance chega a acadalo 40% do total de ocorrencias da forma.

b) O segundo fenómeno que queremos contemplar neste apartado ten que ver coa frecuencia relativa do posesivo con respecto ó resto de unidades determinativas do sistema. Na lingua medieval, a nosa unidade aparece nun gran número de contextos en que non resulta viable desde a perspectiva moderna. Nalgúns casos, a unidade preferida na sincronía actual sería, con claridade, o artigo:

(27) Et os gregos et os troyaos uēerō ao cāpo buscar seus amigos que y tijñā mortos, pera os soterrar et os queimar cōmo era custume (CT, p. 405).

(28) Et muyto mays quirría mīa morte ca sofrer tal coyta como soffro noyte et día (CT, p. 494).

(29) Et era moy aposto et moy mesurado, et aujá seu cabelo lezne et ben aposto (CT, p. 275).

(30) Et Pares lles disso: Se uós leixardes de fazer tal doo, eu farei toda sua voontade da rreýña (CT, p. 259).

Noutras circunstancias sintagmáticas, optaríase hoxe pola inserción da forma un:

(31) Et os outros estauã ja alý, et tomauã entre ssy seu cōssello que ajuntassen todas suas cōpañas et buscassen moytos naujos (CT, p. 265).

Mesmo a ausencia do determinante sería o indicado noutros casos, na sincronía actual:

¹⁷ Vid. para esta cuestión Álvarez e outros (1986: 152-153).

(32) Et seu padre envíao al rrey Cástor et al rrey Poleus, que lle den hũa dona que el rrey Talamõ tẽ presa, que he sua tía deste nosso rey et he filla de rrey Leomedon (CT, p. 252).

En moitos contextos, simplemente resulta excesiva a redundante presenza da marca de relación:

(33) Et dona Elena fazía senbrãt que quería morrer cõ pesar et cõ coyta, et fazia grã doo, et chamaua moyto seu señor Menelao et sua filla Herméona et seus yrmãos Polus et Cástor et seus amjgos et todos seus parêtes et sua herdade et seu paresçer et sua fremosura et sua onrra et sua rriqueza et seu prez et seu ben (CT, p. 250).

Os exemplos do tipo de (33) parécenos menos interesantes ca calquera dos anteriores, dado que son doadamente explicables por razóns de intensificación emocional. Sen embargo, este tipo de estruturas amosa tamén a existencia dunha certa permisividade cara á presenza dun número alto de posesivos nas cláusulas da lingua medieval.

6.2. Algunhas explicacións

De seguido revisarémolas explicacións que a bibliografía propón para estes dous fenómenos, e posteriormente tentaremos ofrecer unha hipótese que proba a dar conta dos mesmos de maneira unitaria.

Que nós coñezamos, só Dono (1978: 48-85) tenta dar conta da elevada presenza do posesivo na lingua medieval. A partir da observación das secuencias en que a unidade aparece, esta autora conclúe que moitas delas son reflexivas, é dicir, non implican a introducción dunha persoa diferente do suxeito como primeiro termo da relación indicada polo posesivo. Dono lembra, para explicar esta particularidade, o funcionamento do pronome posesivo en latín, circunscrito ó ámbito da reflexividade e substituído fóra dela por formas de xenitivo do demostrativo. Segundo a súa hipótese, o pronome posesivo xeneralizouse no ámbito da reflexividade ó se perde-lo valor enfático que xeralmente ía asociado á súa presenza en latín. Como afirma Bassols (1975: 192),

“la lengua latina es mucho más parca que la española en el uso de pronombres posesivos; en realidad sólo los emplea cuando no pueden deducirse por el contexto, o bien en las antítesis o contraposiciones”.

O mesmo autor constata cómo en latín vulgar comeza a expansión do posesivo dentro do ámbito da reflexividade pero liberado dos valores enfáticos que o caracterizaban anteriormente.

Cómpre subliñar que a explicación de Dono é válida para exemplos do tipo de (28) e (29), en que o posesivo funciona como anafórico ou como deíctico, pero non dá conta das utilizacións desta unidade en estruturas catafóricas do tipo de (27) ou (30), en que o primeiro elemento da relación expresada pola unidade aparece situado como modificador na mesma frase nominal có posesivo. Nestes casos, a presenza do pronome xustifícase en función dun segmento discursivo que linealmente non o antecede, senón que se sitúa á súa dereita. O concepto de reflexividade carece de sentido para este tipo de

exemplos, e polo tanto desaparece a validez do argumento explicativo ensaiado pola autora.

Polo que se refire á primeira cuestión, as explicacións da presenza do artigo en frases nominais en que aparece un posesivo son moi numerosas e antigas, probablemente debido a que se trata dun fenómeno panrománico. Como hipóteses máis plausibles no noso ámbito de investigación, destacarémo-las de Lapesa (1971) e Hermida (1994). Resumindo moito, o primeiro autor subliña o valor enfático que o artigo achega ás frases con posesivo, polo que o seu emprego é pertinente en contextos marcados diafasicamente cun trazo de elevada intensidade emocional¹⁸.

De maior interese para nós é o traballo de Hermida, concibido especificamente para a nosa lingua. A autora considera que o sintagma articulado se emprega na lingua medieval para gramaticalizar unha oposición semellante á existente en latín entre *suus* e *illius*, entre sintagmas reflexivos ou concertados (marcados a través do posesivo só) e sintagmas non reflexivos (marcados pola combinación de artigo e posesivo). Os datos en que se apoia esta hipótese son exclusivamente cuantitativos, e consisten na efectiva maior presenza da estrutura articulada fóra do ámbito da reflexividade. Aínda así, constátase que o artigo penetra tamén nas estruturas concertadas, mesmo se o seu peso cuantitativo é considerablemente menor do que nas non concertadas.

No traballo de Hermida aparece localizado un factor, a reflexividade, que pode ter algún peso na explicación do fenómeno, pero as críticas que se poden aducir contra a súa hipótese teñen que ver, desde o noso punto de vista, coa interpretación que se ofrece para esta evidencia sintáctica. Desde unha perspectiva puramente funcional ou pragmática, preguntámonos qué interese tería o falante medieval no mantemento dunha diferenza de escasa rendibilidade desde a perspectiva comunicativa. Nin sequera a presenza ou ausencia de artigo, interpretada en termos de reflexividade fronte a non reflexividade, supón vantaxe de ningún tipo en estruturas ambiguas, á hora de decidir cal é o auténtico primeiro elemento da relación posesiva. Así, en (34),

(34) Et leuâtouselle hũ ardor dentro ãno corpo que, a poucas, fuj morto, ca así lle ficou Poličena scripta et pintada ẽno seu coraçõ et todas suas feyturas, et o cõtenẽt et o catar et os ollos, cõmo erã apostos et fremosos (CT, p. 400),

parece evidente que non é a presenza do artigo a que nos invita a escolle-lo antecedente preciso para o pronome, senón quizais a estrutura global da cláusula e o seu sentido, que impiden a selección da unidade máis próxima que cumpre os requisitos, o substantivo *Poličena*.

En suma, consideramos que unha modificación sintáctica de tanta envergadura como é a reestructuración dun número relativamente elevado de frases nominais ha de obedecer a circunstancias comunicativas máis evidentes. Cõmpre, cremos, ofrecer unha nova interpretación dos datos que Hermida (1994) expón acertadamente no seu traballo.

¹⁸ Unha lúcida crítica a estes argumentos aparece en Hermida (1994: 300-301).

6.3. Cara a unha nova hipótese para a resolución do problema

As liñas que seguen tentan debuxar un novo camiño para a explicación dos dous comportamentos do posesivo descritos anteriormente. Deseñámolas desde a crenza profunda de que as motivacións do cambio lingüístico, sempre e cando este se produce de maneira autónoma nas linguas, teñen que ver co melloramento dos puntos escuros do sistema, daqueles que presentan unha eficacia comunicativa menor. Evidentemente, situamos estas liñas no nivel da hipótese, dado que cremos necesaria a revisión máis pormenorizada do corpus para chegarmos a conclusións de maior solidez.

O punto de partida da nosa reflexión consiste na negación da hipótese inicial do traballo de Hermida (1994: 298):

“Entre o artigo e os outros determinantes que poden concorrer neste mesmo contexto [as frases nominais con posesivo anteposto], anotamos unha clara diferenza: mentres que a anteposición dos demostrativos, numerais, indefinidos, etc., vai acompañada da introducción de nova información no enunciado, cando é o artigo o que precede ó posesivo non se observa ningunha diferenza semántica entre a súa presenza e a súa ausencia”.

Desde a nosa perspectiva, esta afirmación non é válida, dado que supoñería admitir a existencia de unidades con entidade sintáctica, pero sen valor semántico ningún. Consideramos, pois, que é necesario propoñer unha hipótese acerca de cal é o significado do artigo neste tipo de estruturas. Empregando o traballo de Renzi (1976: 10) en que se analizan os principais valores semánticos que o artigo foi adquirindo ó longo da súa historia, chegamos á conclusión de que a presenza do artigo nos sintagmas con posesivo ten que ver coa expresión do valor [+coñecido] e [+ textual], e especialmente con aqueles casos en que a súa presenza se xustifica a través dunha especificación sintagmática que o converte en catafórico. Traducindo o exemplo de Renzi (1976:10).

(35) O león que capturei onte....

Neste caso, a xustificación da presenza do artigo determinado na frase nominal é a introducción dun elemento coñecido, pero que se configura como tal gracias a un modificador restrictivo situado á dereita do núcleo frástico. Pois ben, a mesma interpretación catafórica podemos dar ás estruturas con artigo que nos ocupan no presente traballo. Así, por exemplo, en (36):

(36) Pero ño uosso acordo leyxo eu este pleito, et nõ uos farey longa rrazó, et dize-ruos ey a mia voõtade (CT, p. 292),

cremos que a interpretación do valor do artigo determinado pode ser semellante á ofrecida para (35), coa salvidade de que neste caso a especificación sintagmática que funciona como restricción ó significado do substantivo e xustifica a presenza do artigo é o propio posesivo. Parafraseando o exemplo, teríamos algo semellante a “direivos esta que é a miña vontade”, refacendo a estrutura sobre un esquema máis moderno.

Non descartamos tampouco a presenza de estruturas con artigo e posesivo en que o primeiro elemento teña un valor, na terminoloxía de Renzi, [+ textual] [2ª mención], como no exemplo (37)¹⁹:

(37) Veu un representante. Dixelle ó representante....

Creemos que foron os valores de entidade coñecida por vía textual os que deron pé á entrada do artigo, especialmente como catafórico, na estrutura da frase nominal con posesivo. Consideramos, así mesmo, que si existía un matiz semántico diferencial na época medieval entre a presenza e a ausencia da unidade na frase nominal. Cómpre agora, xa que logo, explicar por qué era necesaria a introducción deste valor semántico, e poñer este en relación cos dous fenómenos para os que procuramos unha explicación.

Desde o noso punto de vista, a oposición entre estruturas con posesivo só e estruturas con artigo e posesivo é o equivalente medieval da moderna distinción entre estruturas con artigo só e estruturas con artigo e posesivo²⁰. Analizando esta cuestión noutro lugar²¹, chegamos á conclusión de que a raíz da oposición entre este par de estruturas é de natureza pragmático-informativa, e consiste en esencia na posibilidade que o sistema ofrece ó falante de focalizar (isto é, de conceder un maior relevo na xerarquía de entidades sobre as cales o texto proporciona información) determinado constituínte, ou ben de mante-la focalización normal desde a perspectiva sintáctica, e por tanto de conceder valor temático só á unidade que desempeña a función suxeito da cláusula. Cun exemplo: a oposición que se establece na sincronía actual entre (38) e (39)

(38) Meteu o brazo por onde non debera, e rompeuno.

(39) Meteu o seu brazo por onde non debera, e rompeuno (exemplos nosos),

non ten que ver co contido referencial transmitido, que é idéntico. Deixando a un lado a evidencia que fai de (39) unha estrutura pouco frecuente, observamos que a presenza do posesivo nesta cláusula focaliza²² un constituínte destinado, pola súa natureza semántica e sintáctica, a non acadar centralidade desde a perspectiva informativa por si mesmo. Así, en (38) diríamos que o único protagonista da información transmitida é o individuo que executa a acción, mentres que en (39) a frase nominal complemento directo acada unha centralidade maior. Por iso o posesivo resulta máis doadamente aceptable naqueles casos en que a focalización da frase é necesaria por razóns contrastivas ou enfáticas:

¹⁹ Lapesa (1972: 282) localiza, no seu corpus do castelán medieval, exemplos en que o artigo pode ser interpretado como anafórico en frases con posesivo.

²⁰ Ou con posesivo só, dependendo das circunstancias anteriormente aludidas e que rexen a posibilidade de construír, na sincronía actual, frases nominais con posesivo e sen artigo.

²¹ En Silva Domínguez (1998).

²² A mesma interpretación propónse, para o romanés moderno, en Popescu & Tasmowski (1988), e para o castelán e o romanés en Dumitrescu (1990). O concepto de *foco*, definido como a unidade referencialmente pertinente na memoria curta, atópase definido en Kleiber (1990 e 1991) e Wiederspiel (1989). Para os seus fundamentos teóricos poden consultarse os traballos de Givón (1983 e 1992).

(39b) Meteu o seu brazo, non o seu pé, por onde non debera, e rompeuno

ou cando a non previsibilidade pragmática do seu referente fai necesario destacala, como procedemento para evitar interpretacións erróneas:

(39c) Meteu o seu brazo (o do maniquí, que levaba para arranxar) por onde non debera, e rompeuno.

Dado que se trata dunha diferenciación de natureza informativa, a súa activación é fortemente dependente da vontade do falante e do estilo de lingua en que se encontra en cada momento. Así mesmo, o emprego xeneralizado da focalización, incluso en estruturas en que non se ve clara a necesidade de destacar un constituínte en concreto por riba dos demais, pode desvirtu-la súa razón de ser, desgasta-lo procedemento, facer que perda efectividade e que sexa necesario substituílo por outra oposición formal diferente. Isto foi o que sucedeu, cremos, no paso do latín ó galego medieval. Naquel sistema lingüístico, o procedemento non marcado, é dicir, o que non implica focalización do constituínte, é a ausencia de posesivo, mentres que a presenza desta unidade só se xustificaría en estruturas en que é pertinente subliña-la centralidade dunha das frases nominais que conforman a cláusula. Sen embargo, a xeneralización do posesivo no ámbito da reflexividade que se produciu en latín vulgar e que é a causa da proliferación deste tipo de unidades no galego medieval implica un desgaste do procedemento, a eliminación do termo non marcado e, polo tanto, a eliminación da oposición. Isto explica por qué a lingua medieval presenta un novo procedemento focalizador, a inserción do artigo determinado con valor catafórico.

A nosa hipótese explica, cremos, a proliferación do posesivo no ámbito da reflexividade, dado que esta implica xeralmente predictibilidade sintáctica e semántica, así como continuidade na focalización previa. Noutras palabras, nun exemplo como (40):

(40) Cōmo a rreýña Elena et as outras donas de Greçia que cō ela uijnã faziã seu doo (CT, p. 250),

o *tema* da cláusula coincide co suxeito; predicado e complemento directo presentan información nova sobre este foco previamente establecido. O complemento directo, constituínte onde se inserta o posesivo como determinante único, é previsible sintáctica e semanticamente, a modo case dun *acusativo interno* latino (Dono, 1976: 62). Non ten sentido, en principio, focaliza-la frase que desempeña esta función sintáctica, dado que se produciría un movemento da atención do receptor cara a unha unidade de escaso relevo informativo e mesmo con pouca autonomía sintáctica. Sen embargo, en (41):

(41) Sabede que el afirmou que aýnda auýa de vïjr tal sazó en que Troya perdería o sseu grã brío et o seu grã poder et o seu ben et a sua rriqueza, se Pares, seu fillo, adusesse moller de Greçia (CT, p. 249),

a presenza do artigo permite focaliza-lo contido do complemento directo e destacalo con claridade na perspectiva da información global que proporciona a secuencia. É evi-

dente o carácter enfático do complemento directo neste exemplo, especialmente se temos en conta que a estrutura da unidade que desempeña esta función non é máis ca unha amplificación en catro momentos na que se repite a mesma idea de fondo, desglosándoa nas súas partes constitutivas.

A razón pola cal se escolle focalizar preferentemente constituíntes clausais non reflexivos, evidente se considerámo-las cifras ofrecidas por Hermida, é ben sinxela: a reflexividade non é máis ca unha alusión á mesma entidade “en dous tempos”, entidade que é en principio xa focal, dado que é suxeito da cláusula. As estruturas reflexivas introducen xeralmente información acerca dun elemento constitutivo dun ser humano (sobre unha parte do corpo, unha cualidade, unha actividade, etc.) que en escasas ocasións ten en si mesmo un valor focal elevado, dado que a protagonista da información é a entidade a que este pertence, como totalidade. Nas estruturas non reflexivas, non existe esta evidente relación de dependencia entre as distintas entidades que protagonizan a información clausal, e polo tanto a focalización da segunda ou da terceira delas é máis posible, e mesmo máis necesaria.

Examinemos máis polo miúdo algunhas das estruturas con artigo que ofrece a lingua medieval. Polo carácter necesariamente focal do suxeito, é máis previsible a presenza da estrutura con artigo nesta función sintáctica:

(42) Et, sen falla, nõ façia torto, ca a sua fremosura nõ auja par ãno mundo (CT, p. 261).

Noutros casos o artigo, ademais de subliña-lo valor informativo do constituínte en que se inserta –e, por tanto, focalízalo– presenta un certo valor anafórico e evita a escolha dun erróneo primeiro elemento da relación expresada polo posesivo. Así, en (43)²³:

(43) Et porque os prados jazĩã cubertos de mortos, en maneyra que nõ podĩã sofrer o seu odor, et cuántoslos vijã ben osmauã que moytos mays erã ja que os da primeyra uez (CT, p. 434),

o artigo é índice da vinculación do reflexivo non co antecedente inmediatamente anterior, que ademais é suxeito da cláusula en que aparece, senón con outro situado previamente.

A razón pola cal a lingua medieval escolle a inserción de artigo en frases con posesivo como procedemento para focalizar determinados constituíntes vén dada, cremos, pola propia semántica da unidade articular, e pola súa posibilidade de aparición en estruturas catafóricas do tipo das que Renzi (1976) denomina “de especificación sintagmática”²⁴. Estas construcións, en que o valor ‘coñecido’ do artigo se xustifica a través dun modificador frástico restrictivo situado á súa dereita, crean na mente do falante unha especie de expectación, dado que só cando se completa a frase nominal na súa totalidade lineal logra

²³ Dono (1978: 110) denomina estas estruturas como de artigo “antirreflexivo”.

²⁴ Vid. *supra*, exemplo (35). A referencia é Renzi (1976: 10).

este coñece-lo porqué da presenza do artigo determinado. O plus de atención que se consegue co artigo serve para focaliza-lo constituínte no que este se insire. Facemos nosas neste caso as observacións de Amado Alonso (1951) citadas por Dono (1978: 98), segundo as cales o artigo “pon un marco” á frase nominal, dotándoa de unidade de sentido e, engadimos, posibilitando a existencia de valores de relevo asociados a ela²⁵.

Queda pendente de explicación a presenza do posesivo en estruturas pleonásticas do tipo de (30) e (32). Nestes casos, a xustificación da unidade non pode vir dada por razóns de estrutura clausal, precisamente debido ó seu valor catafórico. Na lingua medieval, o emprego do artigo neste tipo de secuencias era tamén posible, aínda que minoritario. No paso á lingua moderna, o posesivo foi varrido totalmente deste ámbito sintáctico pola unidade articular.

Para explicar estas particulares ocorrencias do posesivo, partimos da evidencia da súa forte rendibilidade na lingua medieval, o que fai del un dos determinantes principais do sistema. Da mesma maneira có artigo, que no proceso que describe Renzi (1976) desborda os límites marcados pola etimoloxía e aparece en contextos nos que supón unha innovación, o posesivo puido iniciar tamén un movemento de expansión que o levou alén daquelas estruturas nas que a súa presenza estaba xustificada desde o latín. Ámbolos procesos poderían describirse en paralelo. Así, o artigo utiliza como trampolín de expansión aquelas ocorrencias en que o seu valor é [+coñecido] e [+textual]²⁶, e desde estas camiña cara a aquelas outras en que os seus valores son [+coñecido] e [-textual], como en (44), tradución do exemplo que aparece en Renzi (1976: 10):

(44) ¡Dame a man/ a chaqueta!

Pero precisamente son os exemplos do tipo (44) aqueles nos que o posesivo aparecía de preferencia na lingua medieval e estaba xustificado polo valor da unidade en latín, dado o seu carácter reflexivo:

(45) E(e)lena, cõ grã coyta que auía, mesaua seus cabelos, et ronpia suas faces (CT, p. 202).

Aínda que o artigo determinado era tamén posible neste contexto:

(46) Nástor era longo et anch[o], et deujá seer moy ualēt segundo suas feyturas, et auja o nariz curuo (CT, p. 270).

Pois ben, da mesma maneira en que o artigo invade o terreo diacronicamente propio do posesivo, nada impide que na competencia entre determinantes que se establece sexa esta unidade a que se apropie de estruturas como (30) e (32) e desenvolva, ela tamén, valores textuais catafóricos, ocupando así un contexto sintáctico previamente reservado ó artigo, como descendente do demostrativo latino.

²⁵ Obsérvese que Amado Alonso fala de “marco de referencia” analizando precisamente un exemplo en que o artigo ten valor catafórico (1951: 128).

²⁶ Vid. *supra*, exemplos (35) e (36).

A historia da evolución desta competencia entre determinantes cara á lingua moderna consiste na progresiva expansión do artigo en boa parte dos usos propios do posesivo na lingua medieval. Isto pode ser examinado en dúas fronte. Por unha banda, o artigo consolida a súa posición nos valores [+coñecido] e [+textual], que lle correspondían etimoloxicamente pero nos que o posesivo penetrara na lingua medieval. Así, o exemplo (30) sería hoxe:

(30b) Eu farei toda a vontade da raíña,

ou ben

(30c) Eu farei toda a súa vontade, da raíña,

dependendo do valor restrictivo ou simplemente aclaratorio do modificador frástico.

Por outra banda, o artigo penetra con forza nos contextos [+coñecido] e [-textual], característicos do posesivo, e chega a substituír esta unidade nun número elevado de ocorrencias. A oposición medieval entre posesivo nu e artigo e posesivo, baseada, desde o noso punto de vista, no concepto pragmático de *foco*, mantense na lingua moderna, pero modifica a súa expresión no termo non marcado, que pasa a se-lo artigo.

As razóns deste triunfo do artigo, na competencia medieval establecida entre esta unidade e o posesivo, poden estar na súa superior rendibilidade, dada a forte expansión a múltiples ámbitos que a unidade sufriu desde o seu punto de partida latino ata a actualidade. Ademais, o funcionamento do artigo é máis simple có do posesivo desde o punto de vista morfolóxico, e evita a acumulación de información redundante que supoñía a presenza do posesivo en estruturas como (45). Posiblemente estas vantaxes explican a escolla dunha forma cun valor semántico máis xeral, o artigo, e que por tanto pode aparecer nun número superior de ocorrencias, fronte ó posesivo, limitado e en moitos casos excesivamente sobrecargado de información.

Todas estas consideracións aparecen aquí para demostrar a posibilidade de construír unha hipótese coherente que dea conta das diferentes innovacións que se observan no funcionamento do posesivo desde a diacronía medieval á moderna. Non obstante, cremos necesario un estudio máis detallado que abrangue tanto as frases nominais con posesivo como a función que estas realizan no nivel clausal. En calquera caso, consideramos necesario xustificar tódalas modificacións diacrónicas do sistema desde a perspectiva funcional, como procedementos que representan melloras na virtualidade comunicativa do enunciado.

7. ALGÚNS APUNTAMENTOS FINAIS

7.1. Os outros paradigmas do pronome posesivo: posesivo de respecto, posesivo de propiedade absoluta

Nun estudio que abrangue a maior parte dos textos conservados da época medieval, Dono (1978:123) non rexistra pegada ningunha do paradigma *de meu* na súa utilización

nominal, tal e como funciona naquelas áreas que o coñecen na actualidade e na variedade estándar²⁷. Si indica a presenza desta forma no nivel clausal, como unha especie de predicativo, e inmovilizada no masculino de terceira persoa.

A ausencia do paradigma de respecto *mi* é total no corpus medieval por nós manexado, o cal, xunto coa súa irregular distribución xeográfica na lingua moderna, pode ser un argumento en favor da súa condición de préstamo de luxo do castelán no galego.

7.2. O posesivo como modificador na frase adverbial

O noso corpus non rexistra exemplo ningún desta importante modificación distribucional da forma de posesivo. A súa ausencia da lingua literaria decimonónica, así como a súa aparición fluctuante na literatura e na oralidade contemporánea²⁸ fan sospeita-lo recente da innovación que permite estruturas como *diante miña*, ou polo menos a súa persistente vinculación, ó longo do tempo, a rexistros relacionados coa oralidade.

8. RECAPITULACIÓN

Nas páxinas que anteceden tentamos facer un exame pormenorizado dos principais fenómenos que afectan ó funcionamento dun dos constituíntes que máis variou diacronicamente dentro daqueles que integran a frase nominal do galego. Evidentemente, moitas preguntas quedan aínda por responder, e de seguro o avance na descrición e cuantificación dos datos permitirán moi axiña modificar e completar aqueles aspectos máis febles do noso traballo. Así esperamos que sexa.

BIBLIOGRAFÍA

- Aitchinson, J. (1993): *El cambio en las lenguas, ¿progreso o decadencia?*. Barcelona: Ariel.
- Alonso, A. (1951): “Estilística y gramática del artículo en español”, in *Estudios lingüísticos. Temas españoles*. Madrid: Gredos, pp. 125-160.
- Álvarez, R., Monteagudo, H. & Regueira, X. L. (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- Bassols de Climent, M. (1975): *Sintaxis latina*. Madrid: C.S.I.C.
- Bobes Naves, M. C. (1971): *Las personas gramaticales*. Santiago de Compostela: Publicacións da Universidade.
- Carbonero Cano, P. (1979): *Deixis espacial y temporal en el sistema lingüístico*. Sevilla: Publicaciones de la Universidad.
- Coseriu, E. (1962): “Determinación y entorno”, in *Teoría del lenguaje y lingüística general*. Madrid: Gredos, pp. 282-323.

²⁷ Vid. Álvarez e outros (1986: 222-223).

²⁸ Unha explicación máis extensa sobre a presenza da forma de posesivo na frase adverbial encóntrase en Silva Domínguez (1995).

- Dono, M. J. (1978): *O posesivo e outras formas de expresa-las mesmas relacións, na prosa galega medieval*. Universidade de Santiago de Compostela: Tese de licenciatura (inédita).
- Dumitrescu, D. (1990): "El dativo posesivo en español y en rumano", *Revista de la Sociedad Española de Lingüística*, 20, 2, pp. 403-429.
- Ferreiro, M. (1995): *Gramática histórica galega*. Santiago de Compostela: Laivento.
- Givón, T. (1983): "Topic Continuity in Discourse: an Introduction", in Givón, T. (ed.): *Topic Continuity in Discourse (a Quantitative Cross-Language Study)*. Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins, pp. 4-254.
- Givón, T. (1992): "The grammar of referential coherence as mental processing instructions", *Linguistics*, 30, pp. 5-55.
- Halliday, M. A. K. & Hasan, R. (1976): *Cohesion in English*. Londres: Longman.
- Hawkins, J. A. (1978): *Definiteness and Indefiniteness*. Londres: Croom Helm.
- Hermida, C. (1994): "O artigo co posesivo adxacente no galego medieval. Unha hipótese", in Lorenzo, R. (ed.): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románica (Santiago, 1989)*, volume VI, pp. 297-308.
- Herrmann, M.-P. (1990): "Le rôle du déterminant dans l'accomplissement de la reprise lexicalisée: le cas du possessif", in Kleiber, G. & Tyvaert, J.-E. (eds.): *L'anaphore et ses domaines*. Paris: Klincksieck, pp. 183-197.
- Kleiber, G. (1990): "Marqueurs référentiels et processus interprétatifs: pour une approche plus 'sémantique'", *Cahiers de Linguistique Française*, pp. 241-258.
- Kleiber, G. (1991): "Anaphore-deixis: où en sommes-nous?", *L'information grammaticale*, 51, pp. 3-18.
- Lapesa, R. (1971): "Sobre el artículo ante posesivo en castellano antiguo", in *Sprache und Geschichte. Festschrift für Harri Meier*. Munich: Wilhem Fink Verlag, pp. 227-296.
- Pino, L. (1996): "Sobre as construcións artigo+posesivo+nome nas linguas románicas (achega para un estudio comparativo)", in Lorenzo, R. / Álvarez, R. (coords.): *Homenaxe á Profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago de Compostela: Universidade, pp. 213-226.
- Popescu, L. & Tasmowski, L. (1988): "Thématicité et possessivité en roumain", *Linguisticae Investigationes*, XII: 2, pp. 303-335.
- Renzi, L. (1976): "Grammatica e storia dell'articolo italiano", *Studi di grammatica italiana*, v, pp. 5-42.
- Schmidely, J. (1983): *La personne grammaticale et la langue espagnole*. Paris: Éditions Hispaniques.
- Silva Domínguez, C. (1993): "A combinatoria do posesivo na frase nominal", *Cadernos de lingua*, 8, pp. 135-155.
- Silva Domínguez, C. (1995): "As estruturas adverbiais do tipo de diante miña", *Cadernos de lingua*, 11, pp. 5-21.
- Silva Domínguez, C. (1998): "A alternancia e coexistencia de artigo e posesivo en frases nominais de carácter 'inalienable' do galego contemporáneo", in Kremer, D. (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Vigo: Galaxia, tomo II, pp. 661-685.
- Uritani, N. (1991): *Alternancia del artículo en español*. Madrid: Publicaciones de la Universidad Complutense.
- Varela, F. X. (1992): *Os cuantificadores en galego moderno. A cuantificación pronominal*. Santiago de Compostela: Tese de doutoramento (inédita).
- Wiederspiel, B. (1989): "Sur l'anaphore. Du modèle 'standard' au modèle 'mémoriel'", *Travaux de Linguistique et de Philologie*, XXVII, pp. 95-113.
- Wilmet, M. (1986): *La détermination nominale*. Paris: P.U.F.
- Wolf, E. M. (1974): "Los posesivos y la estructura semántica del texto", in *Actas do XIV CILFR*, vol. IV, pp. 411-419.